



ACTA Nº4 DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO DE XEFE DE GRUPO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN

Expte nº2025/G004/000506

Sendo as 10:30 horas do día 4 de xuño de 2026, reúnense no despacho de Secretaría Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, Actas e Goberno, os membros designados/as por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/09/2025 (acordo á súa vez modificado en Xunta de Goberno Local en sesión de data 01/10/2025) para formar parte da Comisión de Valoración dos méritos e memoria presentados polos concursantes con referencia á data de peche de presentación de instancias (07/11/2025) para a constitución de dita comisión e valoración de méritos.

Preside o acto a presidenta titular dona Patricia Berta Vázquez Mille, xefa do Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Actúan como vogais titulares dona María Concepción Castro-Gil Iglesias xefa de Servizo de Fiscalización Precia, dona Natalia Framil Rego, xefa do Servizo de Xestión Económico-Financeira do Concello de Lugo; e don Carlos Bargeiras Vázquez, xefe de negociado (delineante) da adxuntía de Proxectos do Concello de Lugo. Actúa como secretaria titular dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

En primeiro lugar procédese a comprobar o quórum de asistencia pola presidenta da Comisión de Avaliación declarándose constituída a Comisión de Avaliación por estar todos os seus membros titulares.

I. ACCESO AO EXPEDIENTE.

Segundo o acordado na sesión anterior se cita aos reclamantes no proceso de provisión de postos para dar vista do expediente completo coa anonimización dalgún dato relativo á saúde dos familiares dos que solicitaron a consideración do mérito en conciliación.

Sendo as 10:40 horas se dá vista a Dona María Elena Rodríguez García do expediente que revisa. Comeza por comprobar as actas da comisión solicitando copia da número 3 a cal lle é facilitada.

Pregunta á comisión porque se tilda á súa memoria de confusa explicando esta, a modo de exemplo, a referencia contida na páxina 1 ás competencias municipais remitindo á aspirante a lectura dos artigos 148 e 149 da CE e 25 da LRBRL.

Tamén considera a alegante que a aseveración da comisión da falla de concreción da súa memoria non procede á vista da profusión de datos e de que se trata dunha memoria moi traballada. Critica a aspirante que a comisión considerara como “prodigiosa”, segundo as súas palabras, a memoria da aspirante que se propón para a provisión do posto. Se lle explica que nun proceso de concurrencia competitiva non se trata de instruír a ningún, senón de valorar, en concurrencia cos demais aspirantes a memoria que se considera responde mellor ás esixencias recollidas nas bases que rexen o proceso selectivo.

Examina o expediente. Detense nas memorias de Lucía Rodríguez Burgo, Noelia Cancelas Domínguez e Rosa María Carballal. Respecto da memoria Yolanda Díaz Gómez, aspirante proposta pola Comisión para a xefatura de grupo de admón municipal, revisa e toma notas durante aproximadamente 20 minutos. Solicita se lle expida copia ou permita fotografar da memoria elaborada por esta aspirante proposta pola comisión ao que esta indica que non está de acordo con facilitárllela. Que tivo tempo de lela e tomou as notas que tivo por convinte. Que considera que se trata dun traballo intelectual, de elaboración persoal e que non debe facilitarse para que poida ser obxecto de difusión por todo o concello tendo en conta que son compañeir@s. A alegante amosa a súa disconformidade sinalando que lle asiste o dereito a obter copia e que se faga constar en acta esta denegación que considera infundada dado que a ela, como interesada e aspirante, non lle importaría que a súa memoria puidera ser de xeral coñecemento.

Elena Rodríguez continúa repasando a súa propia memoria cerciorándose de que, ao tela presentada ata en tres ocasións, a comisión valorou a derradeira, extremo que quedou aclarado.

Se lle explica que a súa memoria non está mal (5 sobre 6 puntos acadados) pero que a da aspirante proposta, presenta un enfoque diferente que a comisión considera se adecúa ás bases que rexen o procedemento.

Sendo as 11:43 minutos, Elena Rodríguez García abandona o despacho pasando a seguinte aspirante Purificación Leonides Álvarez López que inicia o exame do expediente.

Critica a memoria da aspirante proposta por considerar que é moi básica, centrada nas funcións de auxiliar administrativo ao que se lle resposta que precisamente se trata diso, a xuízo da comisión. Tamén pregunta sobre a obtención de copias das actas facilitándosele copia da acta número 3.



Sendo as 12:50 horas accede ao expediente Rosa Carballal Rifón, solicitando explicación do motivo polo que non se valorou a súa memoria para os dous postos de traballo aos que optaba segundo a solicitude por ela presentada e pola contra, só se valorou para o posto de xefe de grupo admón municipal. Se lle indicou que do teor da única memoria presentada non se podía deducir que se tratara dunha memoria válida para os dous postos pois as referencias atopadas no seu texto, o eran á que sí se valorou.

Ás 13:00 horas accede ao expediente Sandra Barcia González que examina a memoria da aspirante que foi proposta para cubrir o posto de traballo de xefe de grupo de admón municipal.

Non habendo máis aspirantes que desexaran acceder ao expediente e considerando concluído o obxecto desta sesión, dase por finalizada esta.

E para que conste asinan a presente os membros da Comisión de Avaliación enriba citados, dando por finalizado o acto ás 13:15 horas de todo o que como secretario da Comisión dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE